

Cinco capas de pintura

.....

Carmen Suárez Marcos

Do 26 de febreiro
ao 10 de maio de 2026

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO





Cinco capas de pintura

Carmen Suárez Marcos

.....

A serie fotográfica *Cinco capas de pintura* nace do desexo de desvelar unha intimidade e unha parte máis sincera do eu, transformando o modo no que me presento. Crea unha narrativa persoal a través do autorretrato, sinalando a tensión que existe entre a aparencia e o verdadeiro ser, significativo e significado. Móvese na dicotomía entre mostrarse e agocharse, entendendo que a máscara tamén pode ser sinónimo de verdade.

No mundo da arte, cando falamos da verdade, do veraz, adoitamos remitirnos á fotografía como o medio de representación máis fiel á hora de plasmar a realidade. Porén, ser dona da miña aparencia e situarme diante e detrás da cámara concédeme o poder de elixir como me presento e o modo no que me ven, creando así unha realidade que pode ser certa, non selo, ou representar o ambiguo.

Neste proxecto realízanse quince autorretratos que non necesariamente amosan un rostro ou unha identidade real, como adoita buscarse neste xénero, senón máis ben unha imaxe distorsionada pola maquillaxe, pola máscara. Esta é unha desas cinco capas de pintura, xa que o título fai referencia aos procesos aos que é sometida a miña imaxe. Son todas esas capas as que acaban por distorsionar a realidade e as que nos din que a fotografía xa non representa o verdadeiro.

Cinco capas de pintura

Carmen Suárez Marcos

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 26 de febreiro ao 10 de maio.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA
FOLLETO GALEGO



DESCARGA
FOLLETO CASTELLANO

VG 14.1-2026

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO
DE VIGO**

